

DOCUMENTOS DE TRABALLO

.....

# Conxuntura estatística do ámbito cultural. Decembro de 2023

DOI: 10.17075/ceacd.2023

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
**CCG**

## 1. Introducción

Este documento de traballo constitúe a sétima conxuntura estatística do ámbito cultural en Galicia que elabora o Consello da Cultura Galega e dá continuidade a unha serie de informes publicados a partir do primeiro semestre de 2020 co obxectivo de describir a evolución do sector.



Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela

—  
+34 981 957 202  
consellodacultura.gal



A última conxuntura, publicada no mes de outubro de 2022, achegaba información sobre emprego cultural, afiliacións á Seguridade Social, comercio exterior, evolución dos prezos, confianza dos consumidores, creación de empresas, gasto dos fogares, exhibición de cine e contas económicas. No segundo trimestre de 2022 había 35.400 de persoas que traballaban no ámbito cultural, cifra que implica un aumento con respecto ao trimestre anterior, pero unha diminución con relación ao mesmo período de 2021. As exportacións de produtos culturais aumentaran, mentres que os prezos crecían e a confianza das familias para consumir cultura melloraba.

A creación de empresas culturais atopábase nun bo momento, especialmente no ámbito da publicidade e dos espectáculos. O gasto das familias en cultura tamén crecía en 2021, especialmente en equipos de son e imaxe. O gasto en libros e prensa baixara con respecto a 2020, pero atopábase por riba do de 2019. Os servizos culturais seguían daquela en descenso e moi por debaixo dos datos de 2019.

Neste informe faise un repaso polos principais indicadores dispoñibles relacionados co sector cultural galego para dar a coñecer os datos máis recentes. O documento estrutúrase nunha introdución e nove apartados: emprego cultural; empresas culturais; comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais; índice de prezos ao consumo; gasto dos fogares; confianza dos consumidores; indicadores de música, artes escénicas e cine; gasto público en cultura, e contas económicas trimestrais.

O segundo apartado presenta información relativa ao emprego cultural a través da análise de tres factores: o emprego no seu conxunto, as afiliacións á Seguridade Social nas actividades da cultura e as cifras de ocupación e contratación. Para obter a información utilizouse a Enquisa de Poboación Activa (EPA), datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones e indicadores do Instituto Galego das Cualificacións.

O terceiro apartado fai referencia ao número de empresas culturais creadas en Galicia por tipo de actividade segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), a partir da explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).

.....

No cuarto ofrécese información sobre comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais, proporcionada o Instituto Galego de Estatística (IGE) a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Nesta sección analízase o volume de exportacións e importacións en función da actividade económica e do tipo de produto (Clasificación TARIC, Arancel Integrado das Comunidades Europeas).

O quinto apartado céntrase na variación anual do índice de prezos de consumo relacionados co ocio e a cultura de acordo coa actualización publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O sexto ocúpase do gasto cultural dos fogares galegos no que se realiza unha análise segundo tipo de produto ou servizo a partir dos datos da clasificación europea de consumo (ECOICOP).

O sétimo apartado estuda a evolución da confianza dos consumidores segundo os resultados da enquisa conxuntural a fogares realizada polo IGE.

A evolución dalgúns indicadores sectoriais da música, as artes escénicas e o cine son analizados no apartado oitavo a partir dos datos publicados pola Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) e o Ministerio de Cultura.

No noveno apartado analízase o gasto en cultura das diferentes administracións públicas a través da información extraída do Ministerio de Facenda e Función Pública e no último explícanse as contas económicas trimestrais de Galicia e analízase o ritmo de crecemento do produto interior bruto (PIB) e do valor engadido bruto (VEB) galegos e das súas compoñentes en función dos datos publicados polo IGE.

## **2. Emprego**

Neste apartado analízase o emprego dende varias perspectivas diferentes. Descríbese, en primeiro lugar, a evolución do emprego cultural na explotación que realiza trimestralmente o Ministerio de Cultura; en segundo lugar, as afiliacións a Seguridade Social das actividades do ámbito da cultura e, por último, a evolución de indicadores de demanda e contratación.


## 2.1 Emprego cultural na EPA

A explotación que fai o Ministerio de Cultura dos datos da EPA refírese ao emprego rexistrado en empresas que desenvolven actividades culturais como edición, bibliotecas, arquivos, museos, cine, vídeo, radio e televisión ou actividades artísticas e espectáculos, entre outras, pero tamén abranguen ocupacións culturais independentemente da actividade desenvolta: escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios etc. É dicir, é a enquisa que mellor recolle o emprego cultural na súa totalidade.

Os datos obtidos corresponden ás medias móbiles<sup>1</sup> dos datos anuais e fan referencia ao emprego cultural rexistrado en Galicia e no conxunto de España. Abranguen o período comprendido entre o primeiro trimestre de 2019 e o terceiro de 2023.

Segundo esta fonte, no terceiro trimestre de 2023 hai un total de 36.600 persoas que traballan no ámbito cultural, 300 máis ca no primeiro trimestre dese mesmo ano e 600 máis ca no mesmo período de 2022.

### Evolución do das cifras totais de emprego cultural. Datos anuais (medias móbiles en miles)



Fonte: Ministerio de Cultura

<sup>1</sup> Media dos datos do período que abrangue cada intervalo temporal.

Se se analizan os datos en porcentaxe de emprego cultural sobre o total, esta cifra supón un 3,3% do total do emprego en Galicia, taxa que implica unha tendencia á estabilidade dende o cuarto trimestre de 2022. O número de persoas empregadas en actividades do ámbito cultural no conxunto do Estado constitúe un 3,4% do total, unha décima porcentual máis que na comunidade galega. Se se comparan estes datos coas taxas de emprego rexistradas antes da pandemia, a proporción do emprego cultural en Galicia aumentou dúas décimas, mentres que no conxunto do Estado diminuíu na mesma proporción.

#### Evolución da porcentaxe de emprego cultural sobre o total

	España	Galicia
1T/19 - 4T/19	3,6	3,1
2T/19 - 1T/20	3,6	3,2
3T/19 - 2T/20	3,6	3,1
4T/19 - 3T/20	3,5	3,2
1T/20 - 4T/20	3,5	3,2
2T/20 - 1T/21	3,5	3,3
3T/20 - 2T/21	3,4	3,4
4T/20 - 3T/21	3,4	3,3
1T/21 - 4T/21	3,5	3,2
2T/21 - 1T/22	3,5	3,2
3T/21 - 2T/22	3,5	3,2
4T/21 - 3T/22	3,5	3,3
1T/22 - 4T/22	3,4	3,3
2T/22 - 1T/23	3,4	3,3
3T/22 - 2T/23	3,4	3,3
4T/22 - 3T/23	3,4	3,3

Fonte: Ministerio de Cultura

## 2.2 Afiliacións á Seguridade Social

Neste subapartado analízanse as afiliacións á Seguridade Social en Galicia nas actividades da cultura<sup>2</sup> entre setembro de 2022 e setembro de 2023. Como se pode apreciar na seguinte táboa, a cifra total ao final deste período é de 20.553 persoas afiliadas, o que supón un 1,92% do total de altas nese mesmo mes.

<sup>2</sup> Tómase como referencia as actividades económicas segundo a CNAE-2009 vinculadas ao ámbito cultural consideradas de forma total, tal e como se recollen na Conta Satélite da Cultura en España (Revisión CNE 2019).



### Evolución das afiliacións á Seguridade Social en Galicia (total e ámbito cultural)

	Total	Cultura	% emprego cultural sobre o total
Set. 2022	1.038.540	20.397	1,96
Out. 2022	1.042.975	19.985	1,92
Nov. 2022	1.043.860	20.005	1,92
Dec. 2022	1.032.624	19.960	1,93
Xan. 2023	1.028.633	19.433	1,89
Feb. 2023	1.034.758	19.765	1,91
Mar. 2023	1.041.611	19.985	1,92
Abr. 2023	1.051.645	20.209	1,92
Mai. 2023	1.057.831	20.186	1,91
Xuñ. 2023	1.060.481	21.131	1,99
Xul. 2023	1.074.883	20.651	1,92
Ago. 2023	1.063.614	20.443	1,92
Set. 2023	1.069.286	20.553	1,92
Variación set. 22/set. 23	2,96%	0,76%	

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Pódese apreciar a tendencia ascendente na cifra de afiliacións á Seguridade Social, tanto no total do emprego coma no emprego cultural en Galicia. A evolución xeral é dun incremento próximo ao 3%, mentres que as actividades da cultura soben algo menos dun 0,8%. O mes de xaneiro de 2023 é no que se rexistra a cifra máis baixa de afiliacións en actividades culturais, con 1.698 menos ca en xuño, que é o mes no que se rexistra a cifra máis elevada, con 21.131 altas. As afiliacións mantéñense por riba da cifra de xaneiro no resto do ano con certas oscilacións e cun crecemento máis sostido a partir de xuño ata setembro. Esta tendencia podería indicar estacionalidade no emprego cultural, concentrado nos meses centrais do ano.

Se se analizan os datos de afiliacións segundo o réxime ao que se adscriben as persoas traballadoras, pódese constatar que no emprego cultural unha alta porcentaxe son autónomas. En setembro de 2023 esa proporción era do 44,5%<sup>3</sup>. O incremento no número de persoas inscritas no réxime de autónomos é moi positiva, mentres que no réxime xeral a cifra se contrae. En termos absolutos, pode comprobarse que o número de autó-

<sup>3</sup> A efectos comparativos, en setembro de 2023 a porcentaxe de autónomos sobre o total de persoas afiliadas para o conxunto de Galicia é de 19,2%.

nomos vai incrementándose ao longo da serie ata un máximo de 9.157 traballadores nos meses de xuño e xullo para logo ir diminuíndo lixeiramente a partir de agosto, e cun incremento puntual no mes de setembro de 2023.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social en Galicia segundo réxime

	Total emprego cultural	Réxime xeral	Autónomos	% de autónomos
Set. 2022	20.397	11.609	8.788	43,1
Out. 2022	19.985	11.122	8.863	44,3
Nov. 2022	20.005	11.162	8.893	44,3
Dec. 2022	19.960	11.063	8.924	44,7
Xan. 2023	19.433	10.576	8.857	45,6
Feb. 2023	19.765	10.850	8.915	45,1
Mar. 2023	19.985	11.004	8.981	44,9
Abr. 2023	20.209	11.130	9.079	44,9
Mai. 2023	20.186	11.068	9.118	45,2
Xuñ. 2023	21.131	11.974	9.157	43,3
Xul. 2023	20.651	11.494	9.157	44,3
Ago. 2023	20.443	11.339	9.104	44,5
Set. 2023	20.553	11.400	9.153	44,5
Variación set. 22/set. 23	0,76%	-1,80%	4,15%	

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

En canto aos datos desagregados por provincias, cabe resaltar que é na da Coruña onde se rexistra a cifra máis elevada de altas, superando a metade das de toda Galicia. En segundo lugar, está a provincia de Pontevedra, que acapara aproximadamente un 30% e, por último, as provincias de Lugo e Ourense que se manteñen entre un 7% e un 9% de persoas afiliadas, aínda que con algunhas variacións en meses puntuais. Na evolución dos últimos 12 meses, pode observarse que aumentaron as afiliacións en todas as provincias, agás na da Coruña e destaca especialmente o incremento dun 9,6% na provincia de Ourense. O mes no que se rexistran máis altas na provincia da Coruña é en setembro de 2022, nas de Lugo e Pontevedra en xuño de 2023 e na de Ourense en xullo de 2023.

#### Afiliacións á Seguridade Social en Galicia e porcentaxe sobre o total por provincia

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Total	% do total	Total	% do total	Total	% do total	Total	% do total
Set. 2022	11.241	55,1	1.560	7,6	1.431	7,0	6.165	30,2
Out. 2022	10.952	54,8	1.527	7,6	1.499	7,5	6.007	30,1
Nov. 2022	10.954	54,8	1.545	7,7	1.514	7,6	6.042	30,2
Dec. 2022	10.751	53,9	1.556	7,8	1.534	7,7	6.119	30,7
Xan. 2023	10.499	54,0	1.513	7,8	1.494	7,7	5.927	30,5
Feb. 2023	10.671	54,0	1.544	7,8	1.516	7,7	6.034	30,5


## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Mar. 2023	10.740	53,7	1.612	8,1	1.519	7,6	6.114	30,6
Abr. 2023	10.813	53,5	1.604	7,9	1.550	7,7	6.242	30,9
Mai. 2023	10.775	53,4	1.627	8,1	1.543	7,6	6.241	30,9
Xuñ. 2023	11.126	52,7	1.956	9,3	1.554	7,4	6.495	30,7
Xul. 2023	11.132	53,9	1.637	7,9	1.616	7,8	6.266	30,3
Ago. 2023	11.015	53,9	1.573	7,7	1.572	7,7	6.283	30,7
Set. 2023	11.084	53,9	1.607	7,8	1.569	7,6	6.293	30,6
Evolución %		-1,4		3,0		9,6		2,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

No que se refire ao número de empresas do sector cultural inscritas na Seguridade Social pode apreciarse na seguinte gráfica que a evolución neste período é crecente, tal como mostra a liña de tendencia. Presenta dous períodos diferenciados: entre setembro de 2022 e xaneiro de 2023 o número de empresas vaise reducindo, agás no mes de decembro que aumenta lixeiramente en 8 empresas con respecto ao mes de novembro. O mes de xaneiro de 2023 é o que rexistra a cifra máis baixa deste período, xa que é o único no que non se chega ás 2.000 empresas. Así, entre setembro de 2022 e xaneiro de 2023, esta cifra redúcese nun 4% e a partir dese mes comeza a aumentar ata xuño, cando acada o número máis elevado deste período, que se sitúa en 2.117 sociedades, o que supón un incremento dun 5,9% con respecto a xaneiro.

**Evolución do número de empresas do sector cultural**



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións



Na seguinte táboa detállanse os datos globais de afiliacións á Seguridade Social das actividades incluídas dentro do sector cultural. Estas abranguen artes gráficas, fabricación de produtos culturais, comercio de produtos culturais, edición, audiovisual, axencias de noticias e outros servizos de información, actividades profesionais da cultura, educación cultural, artes escénicas e actividades creativas e, por último, bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais. En cada unha destas actividades poden estar englobados varios epígrafes da CNAE-2009. Ofrécese a evolución bimensual dos totais entre setembro de 2022 e setembro de 2023.

A actividade na que aumentaron en maior proporción as altas no conxunto do período foi na de educación cultural (5,8%), seguidas das artes escénicas e actividades creativas (5,2%). Pola contra, nas que máis caeron foron nas de axencias de noticias e outros servizos de información (-14,2%) e nas bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais (-10,5%). En termos absolutos, os principais incrementos producíronse nas artes escénicas, con 174 altas máis que hai doce meses, e na que máis baixaron foi no audiovisual con 153 cotizantes menos.

As actividades nas que o emprego se mantén estable son as de fabricación de produtos culturais e as artes gráficas, que apenas aumenta un 0,3%.

En liñas xerais, constátase, por unha banda, que no mes de xaneiro é no que máis se reduce o emprego en todas as actividades, agás na de educación cultural que se incrementa nun 1,4% con respecto a decembro (15 altas). Por outra banda, o mes de xullo é o que rexistra maior aumento de altas en todas as actividades, agás na de educación cultural que diminúe un 24,4% con respecto ao mes de xuño.

#### **Evolución bimensual das afiliacións á Seguridade Social no emprego cultural por actividades**


	Set. 2022	Nov. 2022	Xan. 2023	Mar. 2023	Mai. 2023	Xul. 2023	Set. 2023	Evol. %
Artes gráficas	652	644	638	643	656	656	654	0,3
Fabricación de produtos culturais	280	282	279	281	277	282	280	0,0
Comercio de produtos culturais	2.877	2.905	2.861	2.849	2.866	2.936	2.937	2,1
Edición	1.759	1.787	1.784	1.806	1.796	1.855	1.776	1,0
Audiovisual	3.243	3.185	2.892	2.953	3.008	3.273	3.090	-4,7
Axencias de noticias e outros servizos de información	776	660	657	662	667	669	666	-14,2

Actividades profesionais da cultura	6.099	6.152	6.128	6.224	6.232	6.275	6.270	2,8
Educación cultural	834	1.076	1.090	1.124	1.127	769	882	5,8
Artes escénicas e actividades creativas	3.372	2.875	2.713	3.022	3.101	3.475	3.546	5,2
Bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais	505	489	391	421	456	461	452	-10,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Analízanse a continuación os datos de cada unha destas actividades polo miúdo. As actividades de artes gráficas engloban as de impresión de xornais (1181)<sup>4</sup>, servizos de preimpresión e preparación de soportes (1813), encadernación e servizos relacionados con esta (1814) e reprodución de soportes gravados. Na seguinte gráfica móstrase a evolución no emprego das distintas actividades de artes gráficas entre setembro de 2022 e setembro de 2023. Pode comprobarse que este é un sector no que o emprego permanece bastante estable con apenas variacións neste período. Porén, apréciase un incremento dun 8,6% na actividade de impresión de xornais e un descenso dun 24,5% na de reprodución de soportes gravados.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social no emprego cultural nas actividades de artes gráficas




Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

<sup>4</sup> Inclúese a clase de catro cifras da CNAE-2009 entre paréntese despois de cada unha das actividades.

Con referencia ás actividades de fabricación de produtos culturais, estas abranguen as de xoiaría e produtos similares (3212) e de instrumentos musicais (3220). Os datos de evolución permiten observar certas oscilacións, pero cun incremento do 2,7% para a primeira das actividades no conxunto do período. Pola contra, na actividade de fabricación de xoiaría e produtos similares as afiliacións descendieron nun 1%.

#### Evolución das afiliacións á Seguridade Social no emprego cultural nas actividades de fabricación de produtos culturais



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

No que respecta ás actividades de comercio de produtos culturais estas abranguen tanto comercio (por xunto e polo miúdo) como o aluguer de produtos culturais. Así, atópanse nesta categoría as actividades de comercio por xunto de artigos de reloxaaría e xoiaría (4648), o comercio polo miúdo en establecementos especializados de equipos de audio e vídeo (4743), de libros (4761), de gravacións de música e vídeo (4763) e de artigos de reloxaaría e xoiaría (4777). A cifra máis elevada de afiliacións á Seguridade Social atópase, en primeiro lugar, nas actividades de comercio de artigos de reloxaaría e xoiaría e, en segundo lugar, nas de libros. Na primeira pódese observar una evolución á alza ao longo dun ano, cun incremento dun 1,2% de altas no caso do comercio polo miúdo e dun 6,8% no de comercio por xunto. En canto ao comercio de libros acontece o contrario, xa que no con-

xunto do período producíronse 7 baixas nas afiliacións á Seguridade Social, cifra que supón un descenso dun 0,7%. Por último, as actividades que menos persoas afiliadas á Seguridade Social rexistran son as relacionadas co comercio e aluguer de gravacións de música e vídeo, aínda que no caso do comercio por xunto destes produtos en establecementos especializados experimentou un incremento interanual dun 45,4%.


**Evolución das afiliacións á Seguridade Social no emprego cultural nas actividades de comercio de produtos culturais**

	Comercio por xunto de artigos de reloxaaría e xoiaría	Comercio polo miúdo en establecementos especializados				
		Equipos de audio e vídeo	Libros	Gravacións de música e vídeo	Artigos de reloxaaría e xoiaría	Aluguer de cintas de vídeo e discos
Set. 2022	205	156	1.074	11	1.397	34
Out. 2022	210	159	1.050	11	1.398	33
Nov. 2022	216	176	1.052	11	1.416	34
Dec. 2022	214	197	1.072	11	1.441	34
Xan. 2023	210	182	1.031	13	1.395	30
Feb. 2023	211	181	1.032	14	1.385	30
Mar. 2023	212	179	1.031	15	1.382	30
Abr. 2023	213	173	1.037	15	1.397	30
Mai. 2023	211	179	1.036	14	1.397	29
Xuñ. 2023	221	171	1.054	14	1.411	32
Xul. 2023	221	176	1.067	13	1.423	36
Ago. 2023	219	172	1.070	15	1.414	36
Set. 2023	219	177	1.067	16	1.427	31
Evolución %	6,8	13,5	-0,7	45,5	2,1	-8,8

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades de edición comprenden catro epígrafes: edición de libros (5811), de xornais (5813), de revistas (5814) e de videoxogos (5821). A actividade que rexistra maior número de persoas afiliadas é a de edición de xornais, con 1.033 altas en setembro de 2023; tamén é a que mostra maior estabilidade no emprego ao longo dun ano, xa que apenas se incrementa nun 0,3%. A edición de libros é a actividade que rexistra a maior suba, un 5,4%. O mes no que se atopa a cifra máis elevada é no de maio de 2023, con 596 altas. Por último, resulta salientable a evolución da actividade de edición de videoxogos, que rexistra 12 baixas, o que supón un descenso do 17,5%.

### Evolución das afiliacións á Seguridade Social no emprego cultural nas actividades de edición



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades do sector audiovisual abranguen o cine, a televisión, a radio e as gravacións musicais ou de son. Neste ámbito inclúense sete actividades diferentes: posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión (5912), exhibición cinematográfica (5914), produción cinematográfica e de vídeo (5915), produción de programas de televisión (5916), distribución cinematográfica e de vídeo (5917), distribución de programas de televisión (5918), gravación de son e edición musical (5920), radiodifusión (6010) e programación e emisión de televisión (6020).


Na seguinte táboa detállanse os datos de evolución. En liñas xerais, pode observarse que é un sector cun incremento nas altas, agás no caso da actividade de produción cinematográfica e de vídeo, que sofre unha caída interanual dun 17,4%. No mes de xaneiro de 2023 reducíronse as afiliacións nun 29,2% con respecto a setembro do ano anterior. A partir dese mes a cifra foise recuperando ata setembro de 2023, cando se volveu producir un retroceso (7 baixas). En contraste, obsérvanse actividades cunha evolución destacable, concretamente posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión (33,7%), distribución cinematográfica e de vídeo (13,3%) e produción de programas de televisión (10,6%).

**Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades do audiovisual**

	5912	5914	5915	5916	5917	5918	5920	6010	6020
Set. 2022	95	269	1.256	132	30	1	125	388	947
Out. 2022	110	267	1.222	130	30	1	112	383	954
Nov. 2022	106	271	1.188	129	30	1	115	387	958
Dec. 2022	111	297	932	134	31	1	131	391	969
Xan. 2023	114	260	889	132	31	1	110	386	969
Feb. 2023	127	256	945	134	32	1	115	387	966
Mar. 2023	118	262	946	136	33	1	119	388	950
Abr. 2023	128	260	1.003	140	34	1	128	389	952
Mai. 2023	140	253	988	136	34	1	125	389	942
Xuñ. 2023	136	266	1.074	131	34	1	142	393	968
Xul. 2023	129	306	1.157	134	34	1	129	405	978
Ago. 2023	139	286	1.144	127	34	1	130	400	951
Set. 2023	127	276	1.037	146	34	1	131	389	949
Evolución %	33,7	2,6	-17,4	10,6	13,3	0	4,8	0,3	4,8

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións


As actividades das axencias de noticias (6391) experimentan un incremento interanual dun 1,9%. As doutros servizos de información (6399) sofren un descenso dun 15,3%, fundamentalmente no mes de outubro de 2022, cunha perda de 124 afiliacións.

**Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de axencias de noticias e outros servizos de información**

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades profesionais da cultura comprenden os servizos técnicos de arquitectura (7111), as de deseño especializado (7410), as de fotografía (7420) e as de tradución e interpretación (7430). Na seguinte gráfica obsérvase que tanto as actividades de deseño especializado como de tradución e interpretación se incrementan notablemente (7,8% e 6,4% respectivamente). Nas outras dúas actividades -arquitectura e fotografía- percíbese estabilidade.


### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades profesionais da cultura



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Con respecto ás actividades de educación cultural, pode comprobarse que se produciu un incremento dun 5,8%. O máis salientable é a importante variación durante o período, xa que as afiliacións aumentan especialmente entre os meses de outubro e maio e volven baixar entre xuño e setembro, coincidindo co curso escolar.

### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de educación cultural




Fonte: : Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As actividades das artes escénicas e actividades creativas comprenden as artes escénicas (9001), as actividades auxiliares das artes escénicas (9002), a creación artística e literaria (9003) e a xestión de salas e espectáculos (9004). En conxunto experimentaron un importante incremento (5,2%), pero cómpre analizar diversos factores que permiten soste que son actividades que rexistran unha alta temporalidade, especialmente as relacionadas coas artes escénicas. Así, mentres que ao longo do período analizado crecen as afiliacións nun 4,7%, entre maio e xuño este aumento é do 54,6%. Por outra banda, a actividade de creación artística e literaria tamén experimenta un importante aumento dun 10% ao longo deste período.



### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades das artes escénicas e as artes creativas



Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

Por último, as actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais abranguen: museos (9102), xestión de lugares e edificios históricos (9103), xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais (9104), bibliotecas (9105) e, finalmente, arquivos (9106). A evolución no conxunto destas actividades é positiva porque se incrementan as altas nun 7,9%, pero cómpre prestar atención a excepcións importantes como a das actividades de bibliotecas, na que se produciu un forte descenso a partir do mes de decembro de 2022.

### Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outros servizos culturais

	Museos	Xestión de lugares e edificios históricos	Xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais	Bibliotecas	Arquivos
Set. 2022	162	76	63	168	36
Out. 2022	157	70	64	172	35
Nov. 2022	159	66	59	170	35
Dec. 2022	160	65	56	95	35
Xan. 2023	148	63	49	95	36
Feb. 2023	149	63	55	95	36
Mar. 2023	154	68	72	93	34



Abr. 2023	160	73	66	91	35
Mai. 2023	166	80	86	89	35
Xuñ. 2023	167	78	68	90	35
Xul. 2023	180	86	63	96	36
Ago. 2023	178	85	68	98	35
Set. 2023	172	83	70	92	35
Evolución %	6,2	9,2	11,1	-45,2	-2,8

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

### 2.3 Demanda e contratación das principais ocupación culturais

Neste subapartado ofrécese información sobre as ocupacións máis demandadas no ámbito cultural e as cifras de contratación. Inclúense os datos máis recentes dispoñibles de setembro de 2023 e, para facilitar a comprensión da evolución temporal destes, tamén se proporcionan os datos das mesmas ocupacións en setembro de 2022.

Unha mesma persoa pode solicitar ata seis ocupacións distintas nas que desexa traballar. Deste xeito obtérase o total de solicitudes de ocupacións das persoas inscritas como demandantes, dato que pode ata sextuplicar a cifra de persoas obtida nos informes de paro rexistrado.

Na seguinte táboa móstrase a evolución da demanda nas 25 ocupacións do ámbito cultural máis solicitadas. Como tendencia xeral pode constatarase que a cifra de demandas diminuíu en 21 das 25 ocupacións mencionadas e só aumentou en tres. O paro nestas 25 ocupacións baixou unha media dun 12,1% no seu conxunto.

A máis demandada é a de profesorado de idiomas en xeral, que tivo un total de 1.462 solicitudes de emprego en setembro de 2022 e 1.184 en setembro de 2023, o que supón unha diminución dun 19% nun ano. A de profesorado da área de linguas estranxeiras (ensino secundario), é a ocupación na que a demanda se reduciu proporcionalmente en maior medida, un 29,9%. Pola contra, a ocupación na que menos descendeu foi a de técnicos en audiovisuais (imaxe e son), cunha redución dun 3,5% nun ano. A ocupación de xornalistas permanece estable neste período con 410 demandas de emprego.

Tal e como se mencionou anteriormente, hai tres ocupacións nas que aumenta o paro neste período: a de técnicos superiores en publicidade e

relacións públicas en xeral (5,5%), a de produtores de radio, cinema, televisión, teatro e/ou espectáculos (4,8%) e redactores-correctores de editorial (1,7%).

**Evolución das ocupacións máis demandadas no ámbito cultural CNO-2011 (8 díxitos)**

Cod.	Ocupacións	Set. 2022	Set. 2023	Dif. %
23221019	Profesores de idiomas, en xeral	1.462	1.184	-19,0
24841012	Deseñadores gráficos	1.220	1.136	-6,9
37311016	Fotógrafos, en xeral	619	539	-12,9
29231074	Tradutores-intérpretes	628	526	-16,2
37331021	Axudantes de biblioteca e/ou documentación	691	504	-27,1
3831103	Técnicos en audiovisuais (imaxe e son)	520	502	-3,5
37241043	Monitores socioculturais	648	499	-23,0
37151038	Animadores socioculturais	678	496	-26,8
42101011	Empregados administrativos de arquivos e/ou bibliotecas	530	446	-15,8
29221044	Xornalistas	410	410	0,0
52201187	Dependentes de librería e papelería	437	407	-6,9
29231065	Tradutores, en xeral	448	370	-17,4
37331030	Axudantes de museo	308	356	15,6
29221053	Redactores de prensa, radio e televisión	344	321	-6,7
26511049	Técnicos en publicidade e/ou relacións públicas	322	306	-5,0
22301088	Profesores da área de lingua castelá, autonómica e literatura (ensino secundario)	410	299	-27,1
29321155	Músicos instrumentistas, en xeral	343	293	-14,6
29121018	Bibliotecarios	276	266	-3,6
29231010	Filólogos	324	244	-24,7
29221062	Redactores-correctores de editorial	235	239	1,7
29341106	Produtores de radio, cinema, televisión, teatro e/ou espectáculos	207	217	4,8
23231076	Profesores de instrumentos musicais, en xeral	247	200	-19,0
22301099	Profesores da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)	281	197	-29,9
29111024	Conservadores de museo e galerías de arte	205	197	-3,9
26521015	Técnicos superiores en publicidade e relacións públicas en xeral	182	192	5,5

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Se se analizan estes datos no mes de setembro de 2023 segundo a variable de sexo, pode comprobarse que o paro entre as mulleres nas ocupacións do ámbito cultural é máis do dobre que o dos homes, xa que as demandas de emprego delas nestas ocupacións supoñen un 68,5% do total.

O máis salientable con respecto á ocupación máis demandada (profesores de idiomas, en xeral) é a notable diferenza que se aprecia entre ambos sexos, xa que as solicitudes entre as mulleres case cuadruplican as dos homes. A seguinte ocupación máis solicitada, cunha cifra semellante á

que ocupa o primeiro posto, é a de deseñadores gráficos. Neste caso o número de demandas de emprego entre homes e mulleres é practicamente idéntica. Noutras ocupacións como son as relacionadas coas bibliotecas, os monitores socioculturais, músicos, fotógrafos e técnicos audiovisuais, tamén se poden apreciar diferenzas nas cifras de demandas entre homes e mulleres.

Das ocupacións preferidas polas mulleres tres pertencen ao ámbito das linguas: profesoras de idiomas, en xeral, tradutoras-intérpretes e tradutoras, en xeral. No caso dos homes, destacan as de carácter máis técnico, como fotógrafos, técnicos en audiovisuais ou operadores de cámara. A única ocupación de tipo artístico máis solicitada por eles é a de músicos instrumentistas en xeral, como se pode observar na seguinte táboa.

**Ocupacións máis demandadas no ámbito cultural en setembro de 2023 por sexos, CNO-2011 (8 díxitos)**

Cod.	Ocupacións	Homes	Mulleres	Total
23221019	Profesores de idiomas, en xeral	265	919	1.184
24841012	Deseñadores gráficos	570	566	1.136
37311016	Fotógrafos, en xeral	244	295	539
29231074	Tradutores-intérpretes	102	424	526
37331021	Axudantes de biblioteca e/ou documentación	57	447	504
38311103	Técnicos en audiovisuais (imaxe e son)	307	195	502
37241043	Monitores socioculturais	114	385	499
37151038	Animadores socioculturais	95	401	496
42101011	Empregados administrativos de arquivos e/ou bibliotecas	60	386	446
29221044	Xornalistas	132	278	410
52201187	Dependentes de librería e papelería	102	305	407
29231065	Tradutores, en xeral	89	281	370
37331030	Axudantes de museo	149	207	356
29221053	Redactores de prensa, radio e televisión	112	209	321
26511049	Técnicos en publicidade e/ou relación públicas	89	217	306
22301088	Profesores da área de lingua castelá, autonómica e literatura (ensino secundario)	51	248	299
29321155	Músicos instrumentistas, en xeral	237	56	293
29121018	Bibliotecarios	70	196	266
29231010	Filólogos	32	212	244
29221062	Redactores-correctores de editorial	64	175	239
29341106	Produtores de radio, cinema, televisión, teatro e/ou espectáculos	92	125	217
23231076	Profesores de instrumentos musicais, en xeral	108	92	200
22301099	Profesores da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)	35	162	197
29111024	Conservadores de museo e galerías de arte	43	154	197

26521015	Técnicos superiores en publicidade e relacións públicas en xeral	38	154	192
Total ocupacións culturais		3.257	7.089	10.346

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

En canto á contratación, na seguinte táboa atópanse as ocupacións máis requiridas. Pode comprobarse que a tendencia xeral neste período é á diminución das contratacións nas ocupacións culturais, xa que en setembro de 2023 se fixeron 740 contratos menos ca no mesmo mes de 2022. Porén, pode observarse que das 25 ocupacións mencionadas, a metade rexistran un aumento no número de contratos e só unha mantén a mesma cifra en setembro de 2023 con respecto ao ano anterior.

**Evolución das ocupacións do ámbito cultural con maior número de contratos de 2022 e 2023 CNO-2011 (4 díxitos)**

Cod.	Ocupacións	Set. 2022	Set. 2023
2932	Compositores, músicos e cantantes	1.533	1.955
2935	Actores	1.696	1.339
3739	Outros técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas	382	507
2939	Artistas creativos e interpretativos non clasificados baixo outras epígrafes	590	245
2322	Profesores de ensino non regulado de idiomas	295	225
2323	Profesores de ensino non regulado de música e danza	322	179
3831	Técnicos de gravación audiovisual	519	105
2936	Locutores de radio, televisión e outros/as presentadores	70	92
2934	Directores de cinema, de teatro e afíns	82	89
2922	Xornalistas	60	85
2931	Artistas de artes plásticas e visuais	35	71
2933	Coreógrafos, bailaríns	46	69
3731	Fotógrafos	59	27
2451	Arquitectos (agás arquitectos paisaxistas e urbanistas)	31	18
4210	Empregados de bibliotecas e arquivos	12	18
8133	Operadores de laboratorios fotográficos e afíns	2	16
2484	Deseñadores gráficos e multimedia	20	12
2324	Profesores de ensino non regulado de artes	12	11
2923	Filólogos, intérpretes e tradutores	16	9
7621	Traballadores de procesos de preimpresión	4	8
2921	Escritores	5	6
4222	Codificadores e correctores de imprenta	1	6
7622	Traballadores de procesos de impresión	47	6
2912	Bibliotecarios, documentalistas e afíns	4	4
3539	Representantes artísticos e deportivos e outros axentes de servizos comerciais non clasificados baixo outras epígrafes	3	4
Total		5.846	5.106

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Con respecto á análise por sexo, é salientable o feito de que houbo máis contratacións entre os homes que entre as mulleres: concretamente supoñen un 60,9% do total dos contratos rexistrados en setembro de 2023. Pode observarse na seguinte táboa que as contratacións de homes son superiores en 9 das 27 ocupacións. Estes ocupan máis postos de traballo como compositores, músicos e cantantes, oficios técnicos e actores e as mulleres supéranos nas de monitoras de actividades recreativas e de entretemento, traballadoras de procesos de impresión, coreógrafas e bailarinas, xornalistas, artistas de artes plásticas e audiovisuais, escritoras, profesoras de ensino non regulado de idiomas, filólogas, intérpretes e tradutoras, bibliotecarias, documentalistas e afíns e profesoras de ensino non regulado de artes.

**Ocupacións do ámbito cultural con maior número de contratos en setembro de 2023  
CNO-2011 (4 díxitos) por sexo**

Ocupacións	Mulleres	Homes	Total
2932 Compositores, músicos e cantantes	560	1.395	1955
2935 Actores	647	692	1339
3739 Outros técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas	214	314	528
2939 Artistas creativos e interpretativos non clasificados baixo outras epígrafes	60	185	245
2322 Profesores de ensino non regulado de idiomas	171	54	225
2323 Profesores de ensino non regulado de música e danza	85	94	179
3831 Técnicos de gravación audiovisual	98	291	105
2936 Locutores de radio, televisión e outros/as presentadores	29	63	92
2934 Directores de cinema, de teatro e afíns	33	56	89
2922 Xornalistas	55	30	85
2931 Artistas de artes plásticas e visuais	50	21	71
2933 Coreógrafos, bailaríns	39	30	69
3731 Fotógrafos	10	17	27
2451 Arquitectos (agás arquitectos paisaxistas e urbanistas)	10	8	18
4210 Empregados de bibliotecas e arquivos	13	5	18
8133 Operadores de laboratorios fotográficos e afíns	5	11	16
2484 Deseñadores gráficos e multimedia	6	6	12
2324 Profesores de ensino non regulado de artes	5	6	11
2923 Filólogos, intérpretes e tradutores	5	4	9
7621 Traballadores de procesos de preimpresión	2	6	8
2921 Escritores	5	1	6
4222 Codificadores e correctores de imprenta	1	5	6

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

7622	Traballadores de procesos de impresión	6	0	6
2912	Bibliotecarios, documentalistas e afíns	3	1	4
	Representantes artísticos e deportivos e outros axentes de servizos comerciais non clasificados			
3539	baixo outras epígrafes	2	2	4
Total		2.114	3.297	5.411

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Para aquelas ocupacións máis contratadas, ofrécense a continuación un maior número de indicadores e a súa evolución cun detalle de 4 díxitos da CNO-2011.

O nivel de contratación de monitores de actividades recreativas e de entretemento sitúase en 2022 por riba do 2018 (349 contratos máis), cun incremento moi salientable nos últimos dous anos do período estudado que supera o 57%. Este tipo de ocupación presenta ao longo da serie temporal unha estabilidade laboral media e un grao de ocupación moi alto.

### **Evolución dos datos de ocupación dos monitores de actividades recreativas e de entretemento**

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	10.004	10.910	6.581	8.751	10.353
Demandas medias anuais	825	815	1.206	899	798

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

No que se refire ás cifras de ocupación de actores e actrices, os datos de evolución presentan un incremento en 2022 de máis dun 57% con respecto a 2021, o que supón un importante crecemento interanual (1.861 contratos máis). A liña de evolución presenta unha tendencia ascendente significativa cun nivel de ocupación elevado e unha estabilidade laboral media.

### **Evolución dos datos de ocupación dos actores/actrices**

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	3.135	3.774	3.179	3.257	5.118
Demandas medias anuais	135	137	184	150	132

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Compositores, músicos e cantantes mostran unha baixa estabilidade laboral. A pesar de que no quinquenio de estudo o nivel de contratación presenta un decrecemento dun 4,7%, no último ano efectuáronse 1.074 contratos máis que o ano anterior, o que marca unha tendencia evolutiva de crecemento e un grao de ocupación elevado.





### Evolución dos datos de ocupación de compositores, músicos e cantantes

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	3.423	3.431	2.130	2.188	3.262
Demandas medias anuais	457	456	783	626	468

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Os datos de ocupación dos técnicos de gravación audiovisual presentan na táboa de evolución unha baixa estabilidade laboral, porén, a taxa de incremento de contratacións no período temporal estudado acada o 78%, cun aumento en 2022 de 733 contratos máis que o ano anterior e cun alto grao de ocupabilidade.

### Evolución dos datos de ocupación dos técnicos de gravación audiovisual

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	940	1.228	948	1.323	1.673
Demandas medias anuais	478	501	779	611	539

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Aínda que no eido dos artistas creativos e interpretativos (non clasificados noutros epígrafes) o nivel de ocupación experimenta un gran incremento ao longo da serie temporal (1.361 contratos en 2022 fronte aos 503 de 2018), o nivel de contratación máxima acadouse en 2021 con 2.478 contratos, o que supón unha perda de 1.117 persoas ocupadas no último ano e unha estabilidade laboral media, cun grao de ocupabilidade moi elevada.

### Evolución dos datos de ocupación de artistas creativos e interpretativos (non clasificados baixo outros epígrafes)

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	503	670	1.357	2.478	1.361
Demandas medias anuais	4	6	15	10	12

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Os técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas presentan un incremento dun 12,8%. Con todo en 2020 perdéronse 383 postos de traballo con respecto ao 2018, mais a partir dese ano experimenta un crecemento moi significativo ata chegar a 1.295 persoas contratadas. Estas cifras amosan unha estabilidade laboral media e un grao de ocupabilidade moi alta.



**Evolución dos datos de ocupación doutros técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas**

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	1.148	1.398	765	1.097	1.295
Demandas medias anuais	31	27	50	39	40

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

No eido da ensinanza, concretamente no caso do profesorado de ensino non regulado de idiomas, o indicador de tendencia sinala un decrecemento irregular cun descenso durante a serie dun 28,3%. O nivel de ocupación máis baixo sitúase no ano 2020 con 966 persoas e aumenta irregularmente nos últimos dous anos, o que sitúa a estabilidade e a ocupabilidade laboral destes profesionais nun grao medio.

**Evolución dos datos de ocupación do profesorado de ensino non regulado de idiomas**

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	1.464	1.492	966	1.080	1.049
Demandas medias anuais	593	581	831	623	616

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Neste mesmo campo da ensinanza, ao analizar os datos de ocupación do profesorado de ensino non regulado de música e danza, atópase unha situación similar ao caso anterior, cunha tendencia de crecemento irregular. Aínda que entre 2018 e 2022 se experimenta un decrecemento nos contratos dun 5,5%, obsérvase certo aumento no último ano con 128 persoas ocupadas máis que en 2021 (un total de 951), polo que os datos de ocupación destes profesionais presentan unha tendencia irregular, cunha estabilidade laboral media nos dous primeiros anos e alta en 2020, 2021 e 2022, ademais dun nivel de ocupabilidade moi alto.

**Evolución dos datos de ocupación do profesorado de ensino non regulado de música e danza**

	2018	2019	2020	2021	2022
Persoas contratadas	1.006	980	823	864	951
Demandas medias anuais	146	157	253	198	182

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

**3. Creación de empresas culturais**

Segundo a explotación do BORME, entre o mes de novembro de 2022 e outubro de 2023 creáronse en Galicia 140 empresas culturais, 31 máis que nos

doce meses anteriores, o que supón un incremento por riba do 28%. Este aumento é moi superior ao experimentado polo conxunto empresarial galego que medrou un 7%.


#### Evolución do número empresas culturais e do total de empresas creadas en Galicia

	Nov. 2021/Out. 2022	Nov. 2022/Out. 2023
Empresas culturais	109	140
Total empresas	3.735	3.995

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil

As actividades empresariais con maior crecemento foron a publicidade, a creación cinematografía, as actividades de creación artísticas e de espectáculos e, en menor medida, a edición e as actividades relacionadas co audiovisual.


#### Evolución do número de empresas culturais creadas por tipo de actividade



Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil



### Evolución do número de empresas totais e culturais creadas



Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil

Na evolución temporal non se aprecia regularidade independentemente de que se detecta menos creación de empresas en verán.

#### 4. Comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais

Entre 2018 e 2022 incrementáronse un 80,8% as exportacións e un 33,1% as importacións nas principais actividades culturais de Galicia. Hai que sa-  
liantar o peso das actividades de edición, que absorben un 87% do total das exportacións.

##### Evolución do comercio exterior e intracomunitario segundo divisións CNAE-2009 (miles de euros)

	2018	2019	2020	2021	2022
<b>Exportacións/expedicións</b>					
18. Artes gráficas e reprodución de sopor- tes gravados	228,2	209,9	180,5	238,7	323,8
58. Edición	6.067,9	5.787,8	8.106,5	8.016,5	10.476,5
59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	265,1	204,9	110,2	79,2	773,0

90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	99,2	358,6	150,3	344,1	467,6
91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	0,0	0	1,7	6	0,0
Total cultura	6.660,4	6.561,2	8.549,2	8.684,5	12.040,9
<b>Importacións/introducións</b>					
18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	145,9	67,3	66,6	108,2	83,7
58. Edición	5.277,2	6.085,6	6.230,9	5.332,9	7.513,1
59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1.130,4	1.048,6	916,3	1.310,7	845,4
90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	156,1	358,6	2.550,4	787,7	515,2
91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	74,2	228,9	384,5	189,7	71,0
Total cultura	6.783,8	7.789,0	10.148,7	7.729,2	9.028,4

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria


Resulta salientable o incremento das exportacións dende 2020 e especialmente en 2022, cun incremento do 38% con respecto ao ano anterior. Esta suba débese principalmente á actividade editorial, ás actividades audiovisuais e ás de creación, artísticas e de espectáculos.

Os datos máis recentes de exportacións de produtos<sup>5</sup> culturais, presentan entre setembro de 2022 e setembro de 2023 unha tendencia á estabilidade. En contraste, as cifras globais de comercio exterior teñen unha evolución negativa.

No tocante ás importacións, os produtos culturais amosan unha tendencia máis parella ao conxunto, que se podería describir como negativa dentro dunha certa irregularidade.

<sup>5</sup> Os datos de evolución mensual recollen a suma dos seguintes produtos TARIC (Arancel Integrado das Comunidades Europeas): 37. Produtos fotográficos ou cinematográficos. 49. Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografiados e planos. 85. Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos. 92. Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos. 97. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade.

### Evolución comparativa entre as exportacións e importacións de produtos culturais e produtos totais (miles de euros)



Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria


Ao realizar unha análise por tipo de produto cultural non se atopa variación digna de mención nas exportacións, xa que presentan un comportamento similar. En cambio, nas importacións resulta salientable a caída na categoría que contén os aparellos para a gravación ou reprodución de son, imaxe e televisión.

### 5. Índice de Prezos de Consumo

A variación anual do IPC de produtos relacionados co ocio e a cultura en Galicia sitúase no mes de setembro de 2023 nunha posición lixeiramente superior ao índice xeral, 4,6% e 3,7% respectivamente, un comportamento similar ao do conxunto estatal.



Evolución da variación anual (%) do IPC Xeral e de Ocio e cultura



Fonte: Instituto Galego de Estatística

A análise por subgrupos en Galicia indica que os prezos tanto de prensa, libros e artigos de papelería como de servizos recreativos, deportivos e culturais presentan unha liña de tendencia á alza moi estable entre os meses de setembro de 2022 e 2023, cunha variación dun 4,6% e 1,2% respectivamente. En cambio, obsérvase un comportamento máis irregular no subgrupo relativo a equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información cun significativo descenso de prezos entre xullo e setembro de 2023 (-5,3%).



.....

A análise do gasto dos fogares por tipo de produto ou servizo está suxeito á clasificación europea de consumo (ECOICOP), que no caso do grupo “Ocio, espectáculos e cultura” abrangue seis parcelas principais de gasto:

09.1.1. Equipos de recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe. Inclúe aparatos de televisión, reprodutores e gravadoras de vídeo, así como aparatos de radio e equipos de música.

09.1.3. Equipos de procesamento da información. Comprende principalmente ordenadores persoais, impresoras e paquetes de software (aplicacións, etc.)

09.1.4. Soportes de imaxe, son e datos. Abrangue soportes de rexistro de son, vídeo e/ou datos gravados (CD, Blu-ray, etc.); descargas de música e de películas, así como *streaming* de música por subscrición e cota mensual (por ex. Spotify)

09.4.2. Servizos culturais. Os servizos centrais teñen que ver coas entradas a cines, teatros, e espectáculos, así como a museos e bibliotecas. Tamén inclúe cotas por licenza e subscricións a redes de televisión e radio (por exemplo Netflix, Filmin, Amazon Prime, etc.)

09.5.1. Libros. Refírese a novelas e libros infantís, así como libros de texto e outros que non sexan de ficción. Entre outros servizos, tamén comprende descarga de libros electrónicos.

09.5.2 Prensa. Xornais e revistas

A seguinte táboa analiza a evolución do gasto dos fogares galegos en cada un destes tipos de servizo ou produto cultural. Como se pode ver, a prensa é o único que experimentou unha diminución do gasto ao longo da serie, cunha baixada dun 16,6% (7,1 millóns de euros menos en 2022 con respecto a 2018). No lado oposto, o maior desembolso efectuado polos fogares en materia cultural foi en libros cun total de 107,8 millóns no último ano do período. Porén descendeu con respecto ao ano anterior en 13,8 millóns de euros. Con todo, o maior crecemento protagonízano os soportes de imaxe, son e datos cun incremento do gasto por fogar dun 140% (dos 18,2 millóns en 2018 pasou a 43,9 millóns en 2022).

Os equipos de recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe manteñen o nivel de gasto nos últimos dous anos (ao redor de 61,5 millóns de euros), mais experimentan un incremento no quinquenio de estudo dun 21,2%. Non obstante, o desembolso en equipos de procesamento da información, a pesar de que diminúe en case 21 millóns de euros en 2022 do período, increméntase un 30,5% na serie temporal.



Tamén hai que salientar a evolución do gasto dos fogares en servizos culturais, un eido castigado en 2020 e 2021, pero que no ano 2022 experimenta un crecemento de case un 94% con respecto a 2021 para situarse en 96,6 millóns de euros como segundo concepto de maior gasto, despois dos libros. Este pulo podería estar relacionado coas subscricións a canles de pago, plataformas dixitais, etc.<sup>6</sup>De feito, en novembro de 2023, un 77,6% dos fogares españois teñen acceso a contidos de pago de televisión<sup>7</sup>.

**Evolución do gasto dos fogares galegos nalgúns produtos e servizos culturais  
(miles de euros)**

	2018	2019	2020	2021	2022
Equipos de recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe	50.758,94	39.984,93	50.924,59	61.445,00	61.510,73
Equipos de procesamento da información	73.694,41	62.610,22	99.146,13	117.104,78	96.176,96
Soportes de imaxe, son e datos	18.283,32	14.316,98	22.236,86	29.252,53	43.895,03
Servizos culturais	80.512,83	103.602,17	56.507,14	49.886,90	96.606,87
Libros	97.807,03	96.959,42	132.888,72	121.685,37	107.824,86
Prensa	42.935,72	40.012,47	47.362,52	45.218,07	35.798,89

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Os datos de consumo en tempo real (datos de gasto en tarxetas subministrados polas entidade bancarias) indican unha moderación do gasto en ocio e cultura no total de España dende o mes de xullo<sup>8</sup>, mesmo con taxas interanuais negativas en outubro e novembro.

## 7. Confianza dos consumidores

Un 63,4% dos fogares galegos puideron realizar actividades de ocio e cultura no terceiro trimestre de 2023. A evolución é positiva dende o terceiro trimestre de 2021, data na que non chegaba ao 42,9% a porcentaxe de persoas que saían a cear, a cafeterías, ou asistían ao teatro e ao cine.

<sup>6</sup> [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_O-sector-audiovisual-en-Galicia-2023.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_O-sector-audiovisual-en-Galicia-2023.pdf)

<sup>7</sup> <https://barloventocomunicacion.es/wp-content/uploads/2023/11/BAROMETRO-TV-OTT-Avance-3-ola-2023.pdf>

<sup>8</sup> <https://www.bbvaesearch.com/special-section/bigdata/>



**Evolución da porcentaxe de fogares que se permitiron saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro**

Período	Porcentaxe
3T/21	42,9
4T/21	54,5
1T/22	54,9
2T/22	61,4
3T/22	63,0
4T/22	58,8
1T/23	58,6
2T/23	64,4
3T/23	63,4

IGE. Enquisa conxuntural a fogares

En canto ás expectativas, un 63,4% dos fogares galegos enquisados no terceiro trimestre de 2023 prevía poder realizar estas actividades, o que mostra unha certa estabilidade na confianza do consumidor en comparación co mesmo trimestre do ano anterior (1 punto porcentual máis), pero máis alta con relación ao 2020 (13,3 puntos). De acordo coa seguinte táboa, a evolución da confianza dos consumidores mostra unha tendencia xeral á alza, no terceiro trimestre de 2021 a metade dos fogares crían que poderían permitirse certos extras, mentres que en 2023 superan o 63%. Con todo, o último trimestre analizado indica que a tendencia non progresa.

**Evolución da porcentaxe de fogares galegos que teñen pensado permitirse saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro**

Período	Porcentaxe
3T/21	50,1
4T/21	59,3
1T/22	53,8
2T/22	61,5
3T/22	62,3
4T/22	58,4
1T/23	58,2
2T/23	64,9
3T/23	63,4


IGE. Enquisa conxuntural a fogares

## **8. Indicadores de música, artes escénicas e cine**

En 2022 leváronse a cabo 1.481 representacións de teatro en Galicia, 115 menos que en 2018, o que supón unha redución dun 7,2% no quinquenio analizado. Con todo, a partir do ano 2020, no que se experimenta unha

forte baixada (782 funcións), a tendencia apunta cara a unha subida progresiva, sen que se acade aínda o número de 2018. Algo moi similar ocorre no conxunto estatal onde se rexistrou unha descenso dun 12,8%.

#### Evolución do número de representacións de teatro



Fonte: SGAE

A asistencia ao teatro experimenta unha clara tendencia á baixa no período estudado, cunha caída dun 59,2% na comunidade galega e dun 45,4% no total España. Tras a perda de espectadores en 2020, os datos sinalan unha lenta recuperación, con cifras no último bienio moi por debaixo das recollidas en 2018 e 2019. En 2022, o número de persoas que acoden ao teatro en Galicia sitúase en 174.356 fronte ás 427.171 de 2018, situación similar á do conxunto estatal cun total de 6.679.017 de espectadores o último ano, que é practicamente a metade dos que asistían en 2018.

#### Evolución do número de espectadores de teatro

	Galicia	España
2018	427.171	12.233.344
2019	445.199	12.439.175
2020	106.064	3.131.659
2021	125.953	5.142.996
2022	174.356	6.679.017

Fonte: SGAE

A recadación de teatro acusa a baixada de representacións e de espectadores con perdas dun 45,8% na comunidade galega e dun 36,2% no conxunto

estatal entre 2018 e 2022. Sen embargo, no último ano obsérvase un incremento moi significativo dos ingresos provenientes do teatro con respecto a 2021, un 53,3% no caso de Galicia e un 37,2% no total de España.


#### Evolución da recadación de teatro (euros)

	Galicia	España
2018	4.299.178	204.793.295
2019	4.353.006	207.393.961
2020	1.252.028	59.642.078
2021	1.519.821	95.202.228
2022	2.329.732	130.638.342

Fonte: SGAE

En canto á danza, en 2022 escenificáronse en Galicia 12 espectáculos menos que en 2018 (51 e 63 respectivamente), mais a tendencia nos últimos dous anos de estudo apunta cara a un moderado ascenso. Algo moi parecido sucede no conxunto do Estado, que rexistra unha perda de 295 representacións. Con todo, en 2022 celebráronse 1.815 funcións de danza, 281 máis que o ano anterior, como mostra a seguinte gráfica.

#### Evolución do número de representacións de danza



Fonte: SGAE

O número de espectadores sobe entre 2021 e 2022 en máis de 3.000 en Galicia e case 99.000 no total de España. Con todo, ao analizar a serie temporal conséntase unha redución dun 45% no quinquenio en Galicia e de case

un 44% no conxunto estatal motivado fundamentalmente polo considerable descenso experimentado en 2020. A partir dese ano a tendencia apunta a unha certa recuperación.

#### **Evolución do número de espectadores de danza**

	Galicia	España
2018	29.499	904.864
2019	31.374	926.278
2020	7.474	229.297
2021	13.112	409.799
2022	16.205	508.612

Fonte: SGAE


A recadación das representacións de danza experimenta unha evolución parecida. En 2018 acadaba en Galicia os 162.897 euros e máis de 8,5 millóns no conxunto de España ata a caída de 2020. A partir dese ano comeza a recuperación cunha tendencia positiva que continúa en 2022, cun incremento da recadación dun 73,1% e un 77,4%, respectivamente en relación ao ano anterior

#### **Evolución da recadación de danza (euros)**

	Galicia	España
2018	162.897	8.554.506
2019	168.000	8.697.297
2020	52.321	2.764.396
2021	92.025	4.977.427
2022	119.633	6.615.655

Fonte: SGAE

En 2022 tiveron lugar en Galicia 958 concertos de música clásica, 254 menos que en 2018, un comportamento similar ao do conxunto de España que rexistra un total de 12.614 concertos, o que supón un descenso de 3.162. Porén, nos dous últimos anos obsérvase un incremento dun 62,4% na comunidade galega e dun 68,8% no total do Estado.



Fonte: SGAE

No relativo á asistencia a concertos de música clásica, a evolución presenta unha tendencia positiva nos dous primeiros anos ata que en 2020 sofre unha perda de espectadores moi significativa. Aínda que ao analizar a serie temporal no seu conxunto obsérvase un decrecemento que rolda o 47%, tanto en Galicia como no total de España. Cara aos dous últimos anos do quinquenio comeza unha certa recuperación, cun incremento interanual entre 2022 e 2021 dun 65,6% no caso da comunidade galega e dun 72% no conxunto estatal.

**Evolución do número de espectadores de música clásica**

	Galicia	España
2018	279.483	5.113.688
2019	287.427	5.242.430
2020	59.966	1.093.039
2021	88.873	1.587.430
2022	147.152	2.731.040

Fonte: SGAE

En 2022, Galicia recadou 884.080 euros nos concertos de música clásica, unha contía afastada da que se recollera en 2018 (case 1,4 millóns de euros). A situación foi similar no conxunto estatal que experimentou unha perda de case 14 millóns de euros (unha redución dun 31,7%). Con todo e

tras a crise de 2020, os últimos dous anos presentan síntomas de recuperación cun incremento dun 64,2% en 2022 con respecto ao ano anterior na comunidade galega e de case un 79% no total España.


#### Evolución da recadación de música clásica (euros)

	Galicia	España
2018	1.393.224	43.996.371
2019	1.440.408	47.772.724
2020	398.757	12.111.547
2021	538.266	16.807.434
2022	884.080	30.065.023

Fonte: SGAE

No que respecta á música popular, en 2022 tiveron lugar en Galicia 3.389 concertos, o que supón un 7,1% máis que en 2018, tendencia que tamén se observa no conxunto estatal cun incremento dun 9,5%. Hai que salientar que o aumento do número de actuacións é moi significativo a partir de 2020. De feito, na comunidade galega o total de espectáculos de música popular organizados en 2022 son case o dobre que en 2020, e aínda máis do dobre no total España (con incrementos dun 97,7% e un 112% respectivamente).

#### Evolución do número de concertos de música popular



Fonte: SGAE

O número de espectadores diminúe entre 2018 e 2022, tanto en Galicia (-12,2%) como no conxunto do Estado (-10,4%). De novo, o ano 2020, no que a asistencia a este tipo de concertos baixa a cotas mínimas, pasa a converterse no punto de inflexión a partir do cal empezan a remontar as cifras de espectadores. De feito, en 2022 case 778.964 persoas acoden a estes concertos na comunidade galega, un 34% máis que en 2021, mentres que no total de España o incremento chega ao 80%.

#### Evolución do número de espectadores de música popular

	Galicia	España
2018	886.860	21.295
2019	900.789	21.651.930
2020	342.928	7.110.586
2021	579.981	10.595.019
2022	778.964	19.081.137

Fonte: SGAE

A evolución da recadación presenta un comportamento distinto ao indicador de asistencia, con datos que marcan unha tendencia á alza, na que Galicia experimenta un incremento dun 57,0% e o total de España dun 38,1%. A pesar de que en 2020 a recadación se reduce practicamente á metade con respecto ao ano anterior, 2022 presenta uns resultados moi positivos cun incremento dun 32,3 na comunidade galega e dun 95,6% no conxunto do Estado.


#### Evolución da recadación de música popular (euros)

	Galicia	España
2018	5.931.721	165.331.227
2019	8.271.694	192.368.999
2020	4.602.967	99.518.220
2021	7.070.525	116.640.503
2022	9.355.488	228.326.696

Fonte: SGAE

En canto ao cine, en 2022 exhibíronse na comunidade galega 615 filmes, 33 máis que en 2018, o que supón un incremento dun 5,7%, que no caso do total España supera o 29%, o que indica unha tendencia xeral á alza. Nos dous primeiros anos da serie obsérvase certa estabilidade, sen embargo tras 2020 a liña evolutiva é positiva cun incremento elevado entre ese ano e o 2022 (38,2% en Galicia e 49,5% conxunto estatal).





MCUD. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

En contraste, entre 2018 e 2022 deixaron de ir ao cine 1,4 millóns de espectadores en Galicia e 39,8 millóns no total de España, o que implica unha mingua de preto dun 36% e dun 40% respectivamente. Con todo, a seguinte táboa mostra como nos dous últimos anos a asistencia experimenta un moderado aumento. En 2022, foron ao cine 700.000 persoas máis en Galicia e 17,4 millóns no conxunto estatal (1,3 e 32,1 millóns máis que en 2020, respectivamente).

**Evolución do número de espectadores de cine (millóns)**

	Galicia	España
2018	3,9	98,9
2019	4,2	104,9
2020	1,2	27,0
2021	1,8	41,7
2022	2,5	59,1

MCUD. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

A perda de espectadores repercutiu na recadación. Entre 2018 e 2022 en Galicia descendeu 8 millóns de euros e no total de España máis de 218 millóns, unha redución de case un 35% e un 37,3% menos, respectivamente. O inicio da recuperación comeza de xeito moderado no ano 2021, pero con

cifras afastadas das de principios do período. Con todo, o incremento interanual dos dous últimos anos é significativo e rolda o 45% tanto na comunidade galega como no conxunto estatal.

#### **Evolución da recadación de cine (millóns de euros)**

	Galicia	España
2018	22,9	585,7
2019	24,1	614,7
2020	6,7	161,0
2021	10,3	251,9
2022	14,9	367,5

MCUD. Instituto de Cinematografía y de las Artes Audiovisuales

### **9. Gasto público en cultura**

Entre 2019 e 2023, as entidades locais aumentaron os orzamentos en cultura en máis de 41 millóns de euros, un 21,6%. No último ano o orzamento superou en máis de 24 millóns de euros ao do ano 2022 (11,6%). A porcentaxe do gasto en actividades culturais con respecto ao gasto total sitúase nun 7,5% en 2023, o índice máis elevado da serie.

#### **Evolución do gasto en cultura das entidades locais galegas e porcentaxe sobre o total (miles de euros)**

	Gasto en cultura	Porcentaxe sobre o total
2019	192.031	7,1
2020	198.312	7,0
2021	194.901	6,7
2022	209.091	6,8
2023 <sup>9</sup>	233.444	7,5

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

A maior parte do gasto en cultura do conxunto das entidades locais correspóndelles aos concellos, cunha porcentaxe que oscila entre un 82% de 2019 e un 76,1% de 2023. A cantidade do gasto supera os 177,5 millóns de euros no último ano da serie, case 9 millóns máis que o ano anterior, cun incremento dun 12,8% no quinquenio.

<sup>9</sup> Datos de 2023 non consolidados (provisionais).

**Evolución do gasto en cultura dos concellos galegos e porcentaxe sobre o total do gasto (miles de euros)**

	2019	2020	2021	2022	2023
Gasto dos concellos en cultura	157.445	161.888	156.443	168.629	177.555
% gasto en cultura dos concellos sobre o total das entidades locais	82,0	81,6	80,3	80,6	76,1
% do gasto total dos concellos destinado a cultura	6,8	6,7	6,2	6,4	6,7

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

Aínda que a contía do gasto en cultura por parte das deputacións é bastante inferior ao dos concellos, o incremento deste na serie foi superior, concretamente un 39,3%, cun aumento de case 15,5 millóns de euros entre 2019 e 2023. A porcentaxe destinada a cultura tamén experimenta unha suba moderada, sobre todo no último ano de estudo no que se sitúa nun 8,9% (tamén por riba do 6,7% dos concellos).

**Evolución do gasto en cultura das deputacións galegas e porcentaxe sobre o total do gasto (miles de euros)**

	2019	2020	2021	2022	2023
Gasto das deputacións en cultura	39.302	40.098	41.769	43.576	54.753
% gasto en cultura das deputacións sobre o total das entidades locais	20,5	20,2	21,4	20,8	23,5
% do gasto total das deputacións destinado a cultura	7,7	7,7	8,1	8,0	8,9

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

O gasto en cultura dos concellos varía en función da provincia á que pertencen. Como se mostra na táboa, os municipios da Coruña e Pontevedra son os que realizan un maior desembolso tanto na contía como na porcentaxe sobre o total destinada ao ámbito cultural, un 7,9% e un 6,9% (máis de 91,5 e 54,7 millóns de euros, respectivamente).

Os concellos ourensáns son os que menos invisten en cultura: 10,4 millóns de euros, cifra que supón o 3,8% do gasto total, seguidos a certa distancia polos lugueses que case dobran a cantidade con algo máis de 20,8 millóns de euros de gasto, un 5,9% do total. Ademais, os municipios de Pontevedra son os que experimentan o maior incremento do gasto cultural durante o quinquenio de estudo, un 18,2 %, seguidos polos da Coruña e Lugo (11,7% e 11,2% respectivamente). En cambio os de Ourense redúcense un 0,1%, cunha perda no último ano de case 1,2 millóns de euros. En termos porcentuais, máis da metade do investimento municipal en cultura correspóndelles aos concellos da Coruña, un 51,6% en 2023, seguido

polos de Pontevedra cun 30,8% do total. Lugo e Ourense aglutinan o 18,6% restante (11,7% e 6,9% respectivamente).

**Evolución do gasto dos concellos galegos por provincia e porcentaxe do gasto en cultura sobre o total (miles de euros)**

		2019	2020	2021	2022	2023
Concellos da Coruña	Total	81.952	85.250	82.864	89.915	91.549
	% sobre o gasto total	8,2	7,9	7,3	7,4	7,9
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	52,1	52,7	53	53,3	51,6
Concellos de Lugo	Total	18.751	18.164	17.710	19.360	20.851
	% sobre o gasto total	6,3	5,6	5,4	5,8	5,9
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	11,9	11,2	11,3	11,5	11,7
Concellos de Ourense	Total	10.401	13.006	11.618	11.578	10.390
	% sobre o gasto total	3,9	4,5	4,1	4	3,8
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	6,6	8	7,4	6,9	5,9
Concellos de Pontevedra	Total	46.341	45.468	44.251	47.776	54.765
	% sobre o gasto total	6,4	6,1	5,8	5,8	6,9
	% sobre o gasto en cultura dos concellos galegos	29,4	28,1	28,3	28,3	30,8

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

Os orzamentos da Xunta de Galicia destinados a cultura e normalización lingüística experimentaron un ascenso dun 44%, case o dobre da suba do orzamento total da Administración autonómica (22,7%). Como se mostra na seguinte táboa, no ano 2021 prodúcese o maior aumento do quinquenio estudado en materia de cultura e lingua, 20,8 millóns de euros máis que en 2020 (16,2 e 4,5 millóns respectivamente). En 2023 o incremento é o do 11,6%. A porcentaxe destinada a cultura, con respecto ao total dos orzamentos da Xunta de Galicia, aumenta unha décima entre 2019 e 2020 (0,7%) e entre 2021 e 2023 (0,8%).

**Evolución do orzamento da Xunta de Galicia en Cultura (miles de euros)**

	2019	2020	2021	2022	2023
Total	11.544.351	11.821.575	13.396.506	13.117.948	14.167.171
Normalización lingüística	8.079	8.507	13.062	10.105	10.908
Cultura	72.140	74.885	91.165	96.414	104.609
Total de cultura e normalización lingüística	80.219	83.392	104.227	106.519	115.517
Porcentaxe sobre o orzamento total	0,7	0,7	0,8	0,8	0,8

Fonte: IGE

## 10. Contabilidade trimestral

A variación interanual dos agregados que conteñen as principais actividades culturais comportáronse de maneira desigual. As actividades artísticas, recreativas e outros servizos<sup>10</sup> tiveron un terceiro e especialmente un primeiro trimestre de 2023 moi positivos o que as coloca nunhas taxas de variación interanual dun 1,8% no terceiro trimestre de 2023, superior que o do conxunto da economía. As actividades de información e comunicacións<sup>11</sup>, non obstante, tiveron un crecemento moi positivo en parte de 2021 e 2022, pero unha evolución máis modesta en 2023, o que as sitúa nunha posición claramente inferior á evolución interanual do conxunto.

### **Evolución da taxa de variación do PIB e do VEB das ramas económicas que conteñen actividades culturais. Volume encadeado de referencia (base 2015). Datos corrixidos de estacionalidade e calendario**

	PIBpm		VEB. Información e comunicacións		VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	
	Taxa de variación trimestre anterior	Taxa de variación interanual	Taxa de variación trimestre anterior	Taxa de variación interanual	Taxa de variación trimestre anterior	Taxa de variación interanual
3T/19	-0,1	0,7	1,0	9,8	-0,6	6,4
4T/19	0,2	0,5	-1,6	6,5	2,8	6,4
1T/20	-4,8	-4,6	5,4	8,2	-10,3	-7,0
2T/20	-14,5	-18,5	-9,9	-5,7	-28,8	-34,7
3T/20	14,7	-6,5	7,0	-0,1	39,6	-8,3
4T/20	0,7	-6,0	-0,7	0,8	-0,5	-11,2
1T/21	0,6	-0,7	-1,5	-5,8	-2,4	-3,4
2T/21	2,3	18,8	-1,2	3,4	3,9	40,9
3T/21	3,1	6,8	6,8	3,2	-0,9	0,0
4T/21	0,9	7,1	6,0	10,2	1,3	1,8
1T/22	0,0	6,5	4,3	16,7	-3,5	0,7
2T/22	1,5	5,6	-0,7	17,3	0,0	-3,1
3T/22	0,3	2,7	0,3	10,2	4,9	2,6
4T/22	0,0	1,8	0,3	4,2	-4,9	-3,7
1T/23	1,3	3,2	-4,0	-4,1	5,7	5,4
2T/23	0,0	1,7	3,7	0,1	-0,4	5,1
3T/23	-0,3	1,0	-1,3	-1,4	1,7	1,8

Fonte: IGE

<sup>10</sup> Neste agregado atópanse, xunto con outras, as actividades de creación, artísticas e de espectáculos; actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.

<sup>11</sup> Neste agregado atópanse, entre outras, as actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; as actividades de programación e emisión de radio e televisión, así como os servizos de información.

Tomada en conxunto, a situación podería interpretarse como dunha moderación despois de varios trimestres de crecemento importante.

## 11. Conclusións

O conxunto de indicadores manexados neste documento dan conta dunha situación claramente positiva para o ámbito da cultura, pero con algúns datos que poderían estar anunciando un cambio de tendencia.

O emprego cultural sitúase en 36.600 persoas no terceiro trimestre de 2023 en Galicia, 600 máis que no mesmo trimestre de 2022. Trátase da cifra máis elevada dos últimos anos e supera o emprego que había antes da crise sanitaria. A proporción sobre o total do emprego sitúase no 3,3%, só unha décima por debaixo da media nacional. O crecemento do emprego cultural é máis forte en Galicia que no conxunto de España e a proporción que ocupa sobre o total do emprego tende a converxer dende 2020.

As afiliacións á Seguridade Social das actividades que compoñen a cultura tamén amosan unha tendencia positiva, con 20.553 persoas afiliadas en setembro de 2023, 156 máis que no mesmo mes en 2022 (0,8%). O incremento é, con todo, inferior á evolución do total de afiliacións (3,0%), o que significa que a cultura xerou menos emprego que o total da actividade económica galega.

O crecemento débese ao mellor comportamento das afiliacións de traballadores do réxime de autónomos, que creceron o 4,2% no período estudado, fronte á perda do 1,8% de traballadores do réxime xeral. Cómpre salientar a gran proporción de autónomos nas industrias da cultura, que se sitúa no 44,5% en setembro, fronte ao 19,2% de autónomos no total de actividades. Por provincias, a única que amosa unha tendencia negativa é A Coruña e destaca o aumento do emprego na provincia de Ourense (9,6%).

O descenso da cifra de afiliacións do réxime xeral, que é no que se atopan a maioría de persoas empregadas, así como a evolución da provincia da Coruña, que é a que concentra a maior parte da industria cultural, poderían indicar certa debilidade.



Segundo as actividades, a evolución é irregular. En termos absolutos, as que máis emprego crearon foron as de deseño, as artes escénicas, as actividades creativas e de espectáculos, a educación cultural, a tradución, a posproducción audiovisual e a edición de libros. As que máis emprego perderon foron as actividades de produción cinematográfica e de vídeo, os servizos de información, as ocupacións relacionadas coas bibliotecas e a edición de videoxogos.

As actividades netamente industriais, como as artes gráficas e a fabricación de produtos culturais, así como a edición de xornais, os servizos de arquitectura, a programación e emisión de televisión e a fotografía, amosan estabilidade.

Na evolución interanual, os incrementos non son sostidos. O mes no que hai menos afiliacións é o de xaneiro e no que hai máis é o de xuño. Entre estes dous meses hai case 1.700 afiliacións de diferenza, o que reflicte a estacionalidade dalgunhas das actividades da cultura. Así, as actividades das artes escénicas e das salas de espectáculos teñen unha contratación moito maior nos meses de verán, especialmente en xuño, e unhas cifras moi baixas no inverno, sobre todo en xaneiro. A diferenza entre o mes de maior afiliación e o de menor é de case o dobre, máis de 1.200 persoas. Así mesmo, as actividades de educación cultural, como as de ensino de música, danza, teatro etc., teñen moitas máis altas laborais durante o curso que durante os períodos de vacacións escolares, cunha diferenza de 343 traballadores entre o mes de máis contratación (novembro) e o de menos (agosto).

Na análise por ocupacións, apréciase un descenso das demandas de emprego, como resulta lóxico nun escenario de aumento da actividade. Así, percíbese un descenso significativo de demandantes en traballos de profesorado de linguas e de música, animadores socioculturais, filólogos, tradutores e ocupacións relacionadas cos arquivos e bibliotecas. Pola contra, aumentaron os demandantes inscritos como axudantes de museo; técnicos superiores en publicidade e relacións públicas; produtores de radio, cinema, televisión, teatro e/ou espectáculos, e redactores-correctores de editorial. Resultan relevantes as diferenzas por sexos, xa que, entre as profesións máis demandadas, as solicitadas por mulleres supoñen un 68,5% do total.



Na análise da contratación, entre aquelas ocupacións culturais máis ofertadas visualízase un descenso na frecuencia, con 740 contratacións menos entre setembro de 2022 e o mesmo mes de 2023, o que podería interpretarse tamén como un síntoma de moderación da actividade profesional da cultura. As ocupacións con maiores descensos son as de técnicos de gravación audiovisual, actores/actrices e artistas creativos e interpretativos non clasificados baixo outras epígrafes. Pola contra, aumenta a contratación de compositores, músicos e cantantes e outros técnicos e profesionais de apoio de actividades culturais e artísticas. Os indicadores de xénero operan aquí ao revés que nas demandas, dado que destaca a contratación de homes (60,9%) fronte á de mulleres.

O número de empresas no sector cultural amosa unha evolución crecente, con 2.112 inscritas na Seguridade Social en setembro de 2023, 33 máis que no mesmo mes do ano anterior. Este balance positivo relaciónase coa creación de novas sociedades. Entre novembro de 2022 e outubro de 2023 produciuse un incremento dun 28% na creación de empresas culturais, fronte a un 7% do total de empresas galegas con respecto ao mesmo período anterior. As actividades con maiores incrementos foron as de creación, artísticas e de espectáculos, seguidas da publicidade e, en menor medida, a edición e as actividades relacionadas co audiovisual. Así mesmo, despois de dous anos de fortes subas das exportacións dos principais produtos das industrias culturais de Galicia, parece que se moderan nos últimos meses de 2023.

Na demanda obsérvase unha tendencia tamén positiva, pero con algúns indicadores nos que cómpre centrar a atención de cara aos vindeiros meses.

Os orzamentos das administracións públicas impulsan á alza a actividade, xa que os incrementos son importantes en 2023. Os concellos (que son os que soportan a maior cantidade do gasto global en cultura) e, sobre todo, as deputacións incrementaron un 11,6% en conxunto as partidas destinadas a cultura no último ano. Os concellos da provincia de Ourense sufriron unha evolución sensiblemente peor que o conxunto. A Administración autonómica tamén amosa unha evolución positiva, con incrementos importantes, pero algo menores que os da Administración local no último





ano (8,4%). En conxunto, todas as administracións incrementaron o esforzo orzamentario no sentido de que aumentaron a proporción do gasto en cultura no conxunto do orzamento.

O gasto das familias en cultura tamén ten unha evolución moi positiva dende 2020 e xa se superan con claridade os datos previos á crise da COVID-19. Con todo, semella que en termos proporcionais o gasto se modera, dado que as familias, malia dedicárenlle máis cartos á cultura en termos absolutos, usan nisto unha proporción menor do orzamento do fogar, xa que aumenta máis o gasto noutras partidas. O impulso estivo condicionado principalmente polo incremento do gasto en libros e máis recentemente en servizos culturais, que inclúen tanto espectáculos como tamén subscricións a plataformas de streaming, presentes neste momento en case oito de cada dez fogares españois. Os datos de 2023, baseados nos indicadores de confianza, indican que a poboación galega se amosa optimista con respecto á posibilidade de permitirse seguir consumindo cultura xunto con outras actividades de ocio, aínda que esa expectativa semella que xa non segue crescendo como o viña facendo nos últimos trimestres. Os datos en tempo real sobre pagos con tarxetas bancarias indican unha moderación no crecemento do consumo de ocio no conxunto de España dende o verán de 2023, mesmo con taxas negativas en outubro e novembro.

En canto á asistencia a actividades culturais, os datos máis recentes dispoñibles amosan unha tendencia similar en todas as artes. Despois de incrementos importantes en 2021 e 2022, o número de eventos en 2023 (representacións, concertos etc.), malia non recuperar os picos de 2019, achégase a eles (teatro e, en menor medida, danza e música clásica) e mesmo os supera (concertos de música popular e películas exhibidas en cines). Pese a esta normalización no volume da oferta, a demanda parece que está moi lonxe de recuperarse, con descensos no número de espectadores con respecto a antes da pandemia do 60% no teatro, de preto do 50% na danza e na música clásica, do 40% no cine e do 13% na música popular. Será importante seguir esta tendencia no futuro, tanto para ver se afecta ao emprego e á actividade como para avaliar se ten un carácter conxuntural ou estrutural. Debería tomarse tamén como outro indicador de debilidade.



Outro dato relevante é que nun escenario en que o consumo xeral está moi influído pola evolución da inflación, os prezos do ocio e a cultura encarecéronse un 4,6% nos últimos 12 meses, case un punto máis que o índice xeral. Os produtos culturais en que máis aumentou o prezo foron os libros e a prensa.

Os indicadores das contas trimestrais sinalan que os agregados en que se sitúan a maior parte das actividades da cultura evolucionan cara a unha moderación despois de varios trimestres de evolución positiva. O agregado en que se atopan, xunto con outras, as actividades de creación, artísticas e de espectáculos e as actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais compórtase mellor que o que recolle, entre outras, as actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical, as de programación e emisión de radio e televisión, así como os servizos de información. En conxunto, evolucionan peor os agregados que recollen as actividades culturais, despois de varios trimestres certamente positivos, que o conxunto da actividade económica galega.